



Bo día, nen@s e familias do cole!

Hoxe rematamos este curso tan especial. Mágoa non poder despedilo coma desexamos, cunha boa festa, apertas e unha chea de bicos de ledicia.

De todos xeitos, dende o centro queremos dicirvos... ata pronto! O cole en silencio, está tristeiro...faltou algo, faltou a vida que nos dades e o botamos moito de menos.

A tod@s, darvos os nosos máis sinceiros parabéns polo esforzo que fixestes ao longo deste trimestre, tamén ás familias, pola implicación, solidariedade e participación.

Desexamos que teñades unhas boas vacacións, que gocedes de todas as actividades de lecer que nos ofrece este tempo de verán e, sobre todo das vosas familias.

Collede moita forza, porque nos vemos en setembro!

Unha aperta de corazón e, unha vez máis, moitísimas grazas a todas as familias, que sempre estivestes no mesmo barco ca nós, para axudarnos na máis difícil e bonita travesía das vosas vidas:

a vosa educación.

